Durante o presente curso fixéronse no horario dos membros do equipo directivo dous sesións semanais de reunión. Estas foron os martes, de 11:20 ás 13:20. Os temas tratados foron diversos coas achegas de cada membro relativas ao seu ámbito de actuación e a posta en común segundo a prioridade que cada etapa do curso académico requirise cara ao mellor funcionamento do centro.

Por outra parte, hai momentos nos que están todos os membros do equipo directivo e que se comentan aspectos puntuais. Tendo en conta que unha das funcións da dirección é a de coordinar tódalas actividades do instituto. Tiveron lugar reunións organizativas ao longo da mañá coa xefatura de estudos, coa vicedirección e coa secretaría de xeito separado, segundo as necesidades do momento.

Tamén estableceuse unha sesión semanal de coordinación entre a xefatura de estudos, a orientación e a dirección.

#### b) Valoración do equipo directivo sobre o grao de cumprimento da PXA e o funcionamento xeral do centro.

A PXA do presente curso recollía os obxectivos específicos que o centro se propoñía acadar,

as medidas que se ían desenvolver para a súa consecución e os recursos, tanto humanos, como materiais, con que contaba para levalos a cabo. Unha vez rematado o curso as conclusións son as seguintes:

### i. Cumprimento do plan de avaliación e mellora (en adiante PAM)

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Revisión das programacións</b>	Lexislativos: adequación á normativa Indicacións da inspección educativa Plantillas para facilitar o seguimento.	Dirección Xefaturas de departamento.	1º trimestre do curso escolar	Ter toda a documentación do centro (NOF, PA, PAL, PC, PE, PED, PI, PL PLC, PXA, competencias, programacións didácticas, proxectos) dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Revisión do PE</b>	Documento actual Referencias lexislativas	Equipo directivo CCP	1º e 2º trimestres (pendente para o curso 2022/23)	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Redacción do plan de actuación anual</b>	Calendario de reunións e actuacións dos anteriores cursos	Equipo directivo	Xullo do curso anterior.	Actualización mensual Documento anual de reunións dos distintos sectores
<b>Plan de avaliación e mellora</b>	Indicacións do Servizo territorial de inspección educativa	Servizo territorial de inspección educativa Equipo directivo CCP	1º trimestre	Documentos finais, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa

### Grao de cumprimento

- Respecto das programacións, facilitouse unha plantilla coas indicacións da Inspección educativa
- Respecto das actas de departamento, facilitouse unha plantilla coas indicacións da Inspección educativa
- Respecto dos plans de seguimento de alumnado repetidor e alumnado con materias pendentes, facilitáronse senllas plantillas coas indicacións da Inspección educativa
- O documento anual de reunións dos distintos sectores foi elaborado e exposto en claustro e na corticeira de organización da sala de profesorado, coa intención de mellora-la conciliación familiar e laboral.

### ii. Control de asistencia e puntualidade do alumnado: reducir o número do alumnado que con faltas de puntualidade e o absentismo escolar en



### determinadas datas

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Sistema de anotación de faltas de puntualidade en conserxería	Libro de conserxería.	Persoal subalterno	Diario	Nº de faltas de puntualidade en relación co curso anterior
Consolidación da porcentaxe de responsables de alumnado que empregan o abalarMóbil	Sistema de envío establecido pola Consellería Chamadas aos responsables que aínda non están dados de alta	Secretaría. Persoal auxiliar administrativo	Diario	Listaxe de responsables de alumnados dados de alta
Maior celeridade na aplicación do plan de absentismo	Aplicación do protocolo establecido pola Consellería	Dirección Xefatura de estudos Titorías	Logo da reiteración de ausencias	Nº actuacións e solucións adoptadas

### Grao de cumprimento

- O balance do emprego do ordenador de aula para a introdución directa das faltas de asistencia e puntualidade no XADE é moi positivo tanto para a xefatura de estudos como para a maioría das persoas titoras e para o persoal de administración e servizos. A anotación das faltas de puntualidade segue a ser significativa e os avisos a través do abalarMóbil consolídase como medio principal de comunicación para este cometido.
- Desde que existe maior supervisión no acceso peonil do centro notouse no bacharelato a redución do absentismo escolar, polo que entendemos que esta medida foi decisiva ao respecto. Agardamos que para o vindeiro curso continúe mellorando esta situación.
- Esta información encóntrase desenvolva en maior medida no apartado de xefatura de estudos.

### iii. Normas de Organización e Funcionamento. (NOF)

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
Acadar hábitos de respecto entre o alumnado	NOFC	Profesorado Xefatura de estudos	Diariamente	Nº de incidencias recollidas nas faltas de orde e de conduta Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva
Establecer liñas comúns de	NOFC	Profesorado	Diariamente	Nº de incidencias

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>actuación cara a mellora da convivencia</b>		Titorías Xefatura de estudos Comisión de convivencia	Trimestralmente	recollidas nas faltas de orde e de conduta e o seu análise. Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva.
<b>Unificar criterios e actuacións para reducir nas aulas os comportamentos que non son adecuados para o traballo diario e o aprendizaxe</b>	NOFC Reunión coas persoas titoras	Xefatura de estudos Titorías Profesorado Comisión de convivencia	Mensualmente  Trimestralmente	Nº de faltas de orde Posta en común nas correspondentes xuntas de avaliación
<b>Mellora do funcionamento da aula de convivencia inclusiva</b>	Material para a convivencia Experiencias doutros centros Libro de seguimento da aula de convivencia inclusiva	Equipo directivo Comisión de convivencia Departamentos Profesorado de garda de convivencia	Mensualmente	Índice de emprego da aula
<b>Acadar compromisos coas persoas responsables de alumnado</b>		Xefatura de estudos Titorías	Cando proceda	Nº de reunións nos casos máis conflictivos

### Grao de cumprimento

*(Esta información encóntrase desenvolta en maior medida no apartado de xefatura de estudos)*

- Os problemas de convivencia se centraron sobre todo en 1º e 2º da ESO, referidos a un número reducido de alumnado, pero moi conflictivos, que motivaron algunha reunión extraordinaria do/s equipo/s docente/s para buscar solucións, sen que se puideran acadar criterios comúns para responder aos problemas.
- Respecto da aula de convivencia inclusiva e dado que a incidencia dos problemas de convivencia no centro reduciuse nun 80%, de momento destinouse a titoría 4 (en fronte de xefatura de estudos) para este cometido.
- As reunións de persoas titoras están descritas no apartado do informe de xefatura de estudos.

#### iv. Revisión dos documentos de centro

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Proxecto educativo, PE</b>	Documento inicial Indicacións da Inspección educativa	Claustro CCP	Pendente para o curso 2022/23	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Normas de organización, funcionamento e convivencia, NOFC</b>	Documento inicial Indicacións da Inspección educativa Estratexia galega de convivencia escolar 2015/20	Consello escolar	Reelabórase e aproboase no curso 2020/21	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa Resumo en cada aula
<b>Plan de Autoprotección, PA</b>	Documento inicial Indicacións da Secretaría Xeral técnica	Secretaría	1º trimestre	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa Resumo en cada aula Aplicación práctica do plan
<b>Plan de Atención á Diversidade, PAD</b>	Documento inicial Indicacións do departamento de Orientación Indicacións da Inspección educativa	CCP Xefa do departamento de Orientación	Elabórase e aproboase no curso 2021/22	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan Anual de Lectura, PAL</b>	Documento inicial Indicacións do equipo da biblioteca Indicacións da Inspección educativa	CCP.	1º trimestre	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/22</b>	Documento inicial Indicacións da Secretaría Xeral técnica	Equipo Covid	1º trimestre	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan de continxencia</b>	Documento inicial. Indicacións da Secretaría Xeral técnica.	Equipo Covid.	1º trimestre.	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan de Convivencia, PC</b>	Documento inicial Indicacións da comisión de convivencia. Indicacións da Inspección educativa	Comisión de convivencia CCP	Pendente para o curso 2021/22	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan Dixital, PD</b>	Documento inicial Indicacións da Secretaría Xeral Técnica	Equipo TIC Persoa coordinadora Abalar/E- Dixgal	Elabórase e aproboase no curso 2021/22	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Plan de Igualdade, PI</b>	Documento inicial Indicacións da	CCP Persoa responsable de	1º trimestre	Documento final, dispoñible na páxina

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
	Inspección	impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres (arg. 126.2 da LOE)		web, a disposición da comunidade educativa
<b>Proxecto Lector, PL)</b>	Documento inicial. Indicacións do equipo da biblioteca. Indicacións da Inspección.	CCP Persoa responsable da biblioteca	Pendente para vindeiros cursos	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa
<b>Proxecto lingüístico de centro, PLC</b>	Documento inicial Indicacións da Inspección	CCP	1º trimestre	Documento final, dispoñible na páxina web, a disposición da comunidade educativa

### Grao de cumprimento.

- Estableceuse como obxectivo a revisión de dos documentos oficiais do centro por curso escolar, no presente curso escolar elaboráronse Plan de atención á diversidade (PAD), o Plan Dixital (PD) e a Programación Xeral Anual (PXA). Deste xeito quedan pendentes:
  - Proxecto Educativo (PE)
  - Proxecto Lector (PL)
  - Memoria Anual de Centro (MAC), que inclúe a de tódolos departamentos e tódolos proxectos de innovación educativa

### v. Procura da participación activa de toda a comunidade educativa

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Xunta de alumnado delegado e subdelegado.</b>	Convocatorias	Xefatura de estudos	Trimestral, dous niveis por día	Nº de reunións e resumo dos temas tratados nelas
<b>Colaboración coa ANPA nos temas que soliciten</b>	Entrevistas coa directiva da ANPA	Equipo directivo	Trimestral Cando proceda segundo os temas a tratar	Resumo dos acordos
<b>Adecuada transmisión da información a toda a comunidade educativa</b>	Páxina web Espazo Abalar e AbalarMóbil Correo electrónico Taboleiros de novas Entrevistas persoais	Equipo directivo	Cando proceda	Valoracións dos distintos sectores
<b>Participación nas diversas convocatorias que poidan xurdir: concursos, premios,</b>	As propias convocatorias	Equipo directivo Profesorado Alumnado	Cando proceda	Nº de propostas nas que participe o centro

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>proxectos</b>				
<b>Apoiar a realización de proxectos e/ou programas de innovación educativa</b>	Proxectos e programas	Equipo directivo Profesorado	Cando proceda	Nº proxectos e/ou programas nos que participa o centro e/ou que se presentan

### Grao de cumprimento

- En xeral acadáronse os obxectivos

## vi. Mellora da atención á diversidade

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Realizar unha detección temperá das necesidades do alumnado</b>	Probas e informes	Departamento de Orientación Xefatura de estudos Titorías	Cando proceda	Nº de alumnado beneficiario.
<b>Coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado da aula de referencia</b>	Horarios	Profesorado de Pedagogía terapéutica Profesorado dos programas ARCO e PROA+ Xefatura de estudos Profesorado	Todo o curso	Nº de intervención Memoria de cada un dos proxectos de innovación educativa
<b>Seguimento máis sistemático do alumnado repetidor e con materias pendentes</b>	Programacións Aula virtual	Xefatura de estudos Xefaturas de departamento	Semanal	Nº alumnado que supera as materias
<b>Colaboración co Concello e outras institucións (Cruz Vermella, Secretariado Xitano...) na atención ao alumnado migrante</b>	Programas das distintas institucións	Equipo directivo. Departamento de Orientación.	Cando proceda	Memoria

### Grao de cumprimento

- Recóllese no punto 7 (informe de xefatura de estudos) e no punto 10.c (memoria do departamento de orientación).

## vii. Desenvolvemento das competencias clave do alumnado

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Análise xa desde a avaliación inicial do grado de adquisición das competencias clave e propostas de mellora</b>	Indicacións das xuntas de avaliación Programacións didácticas	Departamentos didácticos	Outubro - Xuño	Resultados das probas
<b>Mellora do rendemento do noso alumnado</b>	Cursos de técnicas de estudo en colaboración coa ANPA Cursos de linguas estranxeiras ( inglés) Curso de afrontamento	Profesorado	Todo o curso	Análise trimestral Resultados das avaliacións

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
da ABAU				

### Grao de cumprimento

- Consólidase a mellora de resultados do ano pasado sen ben é certo que temos que mellorar nalgúns niveis.

### viii. Melloras no proceso de admisión (documentación, Itinerarios, oferta de materias...)

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Revisión das solicitudes de reserva</b>	Lexislación Outras experiencias educativas	Equipo directivo CCP	1º e 2º trimestres	Follas de reserva
<b>Revisión dos sobres de matrícula</b>	Lexislación Outras experiencias educativas	Equipo directivo CCP	3º trimestres	Sobres de matrícula

### Grao de cumprimento.

- Coma tódolos cursos nas CCPs dos 1º e 2º trimestres revísanse os itinerarios ofertados para adaptalos ás necesidades do alumnado, conforme as recomendación do profesorado e secretaría atendendo á lexislación vixente, ampliando nalgúns casos a opcionalidade e optatividade, reducindo a oferta daquelas materias que “non teñen éxito” e organizando e ordenando a combinación das materias específicas no 4º da ESO e no bacharelato.
- Este curso continuamos coa oferta dinámica, na que, unha vez consultada a CCP e o alumnado, a oferta adáptase ás súas propostas e inqedanzas, establecendo un sistema de incorporación e descarte de materias que é o seguinte:
  - Poderanse ofertar calquera das materias por calquera profesor do centro con destino definitivo para o vindeiro curso académico.
    - Libre configuración autonómica, LCA
    - Libre configuración de centro, LCC
  - O departamento deberá ter sesións dabondo para a súa

impartición, ou no seu defecto, contar con profesorado provisorio “habitual” que o permita. Non se pode solicitar profesorado *ex profeso* para a súa impartición, a cal será sempre por profesorado con destino definitivo.

- Unha vez aprobada a devandita oferta, manterase mentres haxa demanda, non haxa cambios legislativos e/ou o profesorado que a oferta está disposto a seguir impartíndoa (traslados, xubilacións, outros...).
  - Calquera materia específica ou de libre configuración que durante dous cursos académicos non acade alumnado suficiente para a súa impartición, non será ofertada nos seguintes dous cursos académicos
- Cabe destacar a autorización para a impartición das seguintes materias, todas elas de libre configuración:

Nivel	Recursos
<b>2º da ESO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Programación (LCA), desde o curso 2018/19</li> <li>● Proxecto deportivo de centro (DAFIS, Reforzo EF, LCC), desde o curso 2018/19</li> </ul>
<b>2º de bacharelato</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Achegamento á lingua portuguesa, desde o curso 2020/21</li> <li>● Deseño e impresión 3D (LCC), desde o curso 2018/19</li> <li>● Preparación física para probas selectivas de aptitude (pendente de aprobación)</li> </ul>

- Cabe destacar o descarte das materias dos cursos impares por mor do cambio de le (LOMCE → LOMLOE)
- Consólidase o uso da guía das materias ofertadas no noso centro na procura de favorecer a elección das mesmas por parte do alumnado, facendo incidencia nas materias específicas, de libre configuración e de elección de lingua estranxeira.

Na seguinte táboa temos unha previsión de matrícula para o vindeiro curso.



Reserva de praza:	Estimación		Previsión	Adscricións			Ráteos			
	Repitén	Se van		Solicitudes	Permanencias	Total	Previstas	Non entran/se van		
<b>1º da ESO</b>	15	0	120	35	84	119	24	5	14	14
	13%	0%		29%	70%	99%	30	4		
<b>2º da ESO</b>	15	3	114	4	113	117	23	5		3
	13%	3%		3%	97%	103%	29	4		
<b>3º da ESO</b>	15	3	115	1	117	118	23	5		3
	13%	3%		1%	99%	103%	29	4		
<b>4º da ESO</b>	15	2	115	2	115	117	23	5		2
	13%	2%		2%	98%	102%	29	4		
<b>1º de BTO</b>	10	24	129	51	83	134	26	5	19	43
	7%	18%		38%	62%	104%	32	4		
<b>2º de BTO</b>	16	6	110	1	109	110	22	5		6
	15%	5%		1%	99%	100%	28	4		
	86	38	703	94	621	715	23	5		71
	12%	5%		13%	87%	102%	29	4		

repetidores

(No ANEXO I pódese consultar a nosa oferta educativa a través das tapas dos sobres de matrícula).

## ix. Mellora no emprego das TIC como recurso para a xestión, a ensinanza e a innovación

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Aulas EDIXGAL en toda a ESO</b>	Dotación das aulas EDIXGAL	Coordinador Abalar/EDIXGAL Equipo TIC	Todo o curso	Porcentaxe de emprego das aulas
<b>Aulas Abalar en 1º e 2º de bacharelato</b>	Armarios Abalar con 10 equipos por aula (case en desuso)	Coordinador Abalar/EDIXGAL Equipo TIC	Todo o curso	Porcentaxe de emprego das aulas
<b>Promover o uso docente dos medios informáticos</b>	kit dixital <sup>1</sup> kit de proxección <sup>2</sup>	Secretaría	Todo o curso	Porcentaxe de emprego das aulas
<b>Promover o emprego do Espazo Abalar</b>	Espazo Abalar Reunións	Equipo directivo	Todo o curso	Porcentaxe de emprego
<b>Promover o emprego da mensaxería Abalar</b>	Espazo Abalar Reunións	Equipo directivo	Todo o curso	Porcentaxe de emprego
<b>Promover o emprego das comunicacións de titoría EDIXGAL</b>	Espazo Abalar Reunións	Equipo directivo	Todo o curso	Porcentaxe de emprego
<b>Enriquecer a páxina web con aportacións de toda a comunidade educativa</b>	Páxina web corporativas	Equipo directivo Profesorado	Todo o curso	Porcentaxe de emprego
<b>Emprego de contornas virtuais de formación a distancia (EDIXGAL e aulas virtuais)</b>	Páxinas web corporativas PFPP	Equipo directivo Profesorado	Todo o curso	Porcentaxe de emprego

<sup>1</sup> Por "Kit dixital" entendemos videoproxector + EDI + portátil + altafalantes 2.1.

<sup>2</sup> Por "kit de proxección" entendemos videoproxectos + pantalla enrollable + portátil ou sobremesa + altafalantes 2.1.

## Grao de cumprimento

- Os obxectivos se cumpriron satisfactoriamente.

### x. Conservación e mellora das instalacións do centro

Medidas	Recursos	Responsables	Temporalización	Indicadores
<b>Promover entre o alumnado unha actitude responsable no coidado, mantemento e limpeza das aulas e do centro en xeral</b>	Revisións das aulas	Comunidade educativa	Principio de curso 1º trimestre 2º trimestre Fin de curso	Enquisas Informes do persoal de limpeza e das persoas titoras
<b>Solicitar a dotación de mobiliario</b>	Dotacións da Consellería e/ou outros organismos	Dirección Secretaría	Xuño/Outubro Cando for necesario	Inventario do mobiliario
<b>Por en marcha unha campaña de concienciación da limpeza exterior e interior do recinto</b>	Carteis Concursos	Equipo directivo. Profesorado. Alumnado.	Todo o curso	Limpeza xeral
<b>Mellorar as medidas de eficiencia enerxética</b>	Asesoramento externo Recursos propios Recursos das diversas administracións e/ou institucións	Secretaría	Todo o curso	Estatísticas dos consumos
<b>Consolidar o bo funcionamento do transporte escolar</b>	Carteis informativos	Secretaría Dirección ANPA	Todo o curso	Incidentes co transporte

## Grao de cumprimento

- En xeral é satisfactorio, sen embargo o principal problema que se observa a final do curso é o do cobro de desperfectos, aínda que é un tema tratado no consello escolar, que figura no NOF e para o que existe unha comisión de seguimento.

## 4. Informe de Dirección

### a) Relación coa Consellería en materia de educación

Anualmente realizamos reunións cos órganos superiores (Conselleiro, Direccións Xerais, Secretaría Xeral Técnica, Subdireccións Xerais, Xefe territorial, Inspector Xefe), cos cargos intermedios (xefaturas de servizo e de negociado) e coas asesorías dos distintos programas de innovación educativa, para solicitar recursos humanos e materiais e para solicitar e consolidar proxectos e programas de innovación educativa. Entre todas elas destacan peticións históricas como a instalación do ascensor, o cambio de cuberta do hall e mesmo

a consolidación da incorporación de auxiliares de conversa ao noso claustro.

Desde o curso 2016/17 pertenzo á Xunta Provincial de Direccións, e desde o curso 2018/19 pertenzo á Xunta Autonómica de Direccións. Ambos órganos son consultivos na procura da coordinación e representación dos centros educativos, onde achegamos as nosas inquiredanzas e trasladamos ao resto de centros as indicacións recibidas.

## **b) Coordinación cos institutos de Pontevedra e doutros lugares**

Trimestralmente, celébranse, como ven sendo habitual, reunións das direccións dos institutos de Pontevedra e arredores para facer unha posta en común das inquiredanzas do momento, compartir sinerxías e mesmo para fixar os días non lectivos de conveniencia pedagóxica do calendario escolar. Tamén se tratan temas como o instituto ao que corresponde á inauguración oficial do curso, no caso de a houber, e tratar outros temas relativos á xestión dos centros (novidades legislativas, cambios nos procedementos, plantillas, optimización de recursos humanos e materiais, unificación de criterios...).

## **c) Relación coas persoas responsables de alumnado e ANPA**

Este curso recuperamos as habituais presentacións do alumnado da ESO e do bacharelato. A resposta foi moi positiva en xeral, destacando unha asistencia maior do alumnado que viñan por primeira vez ó centro, os de 1º de ESO e 1º de bacharelato fronte ao resto de niveis, 2º, 3º e 4º da ESO, e 2º de bacharelato.

A finais do mes de setembro, nos días 27, 28 e 29 convocáronse ás persoas responsables de alumnado ás que asistiron as persoas titoras de cada curso, a xefa do departamento de orientación, e o equipo directivo. Tras unha presentación do director, tomaron a palabra o resto do equipo directivo e a orientadora para tratar diversos temas relacionados co curso, o funcionamento do centro, as instalacións e a implicación de todos na educación do alumnado. Tras esta presentación xeral, celebráronse senllas reunións por cada unha das titorías. Foi o momento no que cada persoa titora puido aproveitar para trazar as liñas do que ía ser o curso e de establecer o marco de relacións entre eles: responsables de alumnado e profesorado, alumnado e os seus responsables, profesorado e alumnado.

Como é xa tradicional, elaborouse unha guía de alumnado, que se pode consultar en <http://ofertaeducativa.iesaxunqueira2.com/>.

A asistencia a estas reunións, que consideramos de capital importancia, como en cursos anteriores, foi numerosa, sobre todo nos primeiros niveis.

No mes de febreiro realizamos a V xornada de portas abertas, neste caso virtual, contando cunha asistencia de máis de 100 persoas o cal reflíctese no aumento das solicitudes de admisión para o vindeiro curso.

A comunicación coa presidencia e os membros da ANPA é fluída, estando abertos as súas propostas, expresadas no consello escolar ou na comisión económica, como foi este curso as propostas de cursos como o de técnicas de estudo, conversación de inglés ou preparación emocional cara á ABAU.

Tamén recuperamos a celebración do acto de gradación do alumando de 2º de bacharelato trasladando a súa celebración ás instalacións de verán do Liceo-Casino xa que se celebraro ao ar libre baixo a coordinación duna comisión conxunta de alumnado, ANPA e a dirección.

Por outra parte, a relación cos responsables de alumnado estableceuse de moitas formas, ademais das reunións citadas, con circulares e entrevistas persoais.

As sesións semanais de atención das persoas titoras ás persoas responsables comunicáronse nunha circular de comezo de curso, na web do centro e na guía de alumnado. Cando calquera responsable de alumnado acudiu sen cita previa ao centro para expor algunha cuestión, foi debidamente atendido co propósito de lograr un mellor entendemento e a rápida solución de calquera problema xurdido.

A dirección e a xefatura de estudos mantiveron entrevistas con responsables de alumnado por diversos motivos:

- Aclaración de dúbidas con respecto a algún aspecto dos estudos dos fillos: saídas cara ao futuro, optativas, ou decisións segundo a situación persoal dos alumnos.
- Acumulación de faltas por condutas contrarias e/ou gravemente prexudiciais ás normas de convivencia.
- Suspensión do dereito de asistencia a clase ou a algunhas clases, por faltas contrarias ás normas de convivencia.
- Comunicación aos responsables de alumnado de faltas de asistencia a clase dos seus

fillos.

- Cabe destacar as reunións celebradas para o inicio de varios expedientes de absentismo escolar debido ás ausencias continuadas de determinado alumnado.

#### **d) Relación co persoal de administración e servizos, en adiante PAS**

No mes de novembro reunímonos a dirección e a secretaría co PAS para a reunión organizativa anual de curso e tamén ao longo do mesmo mantivemos distintas reunións, para tratar temas sobre os horarios, vacacións, rutinas de traballo, suxestións de mellora, ou outras inquiredanzas dos distintos sectores.

Cabe destacar a xudialización da relación laboral con este colectivo, logo da demanda interposta por unha das traballadoras por mor da modificación substancial de condicións laborais, ao indicarlle que debía volver a facer o seu horario laboral de tarde (en vez de mañá, como o que desenvolveu provisionalmente no curso 2017/18).

Coma en cursos anteriores, unha das prazas do persoal auxiliar administrativo segue a estar cuberta por unha persoa interina xa que a súa persoa titular segue en comisión de servizos na Xefatura Territorial de Pontevedra, sen embargo estase a producir un chamamento por mor das vacantes producidas polo CXT e as oposicións que están a desestabilizar a continuidade deste colectivo afectando á calidade do servizo.

#### **e) Coordinación cos centros de primaria**

Os nosos centros adscritos son o CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2.

Como é habitual, delegouse esta coordinación na xefatura de departamento de orientación e na xefatura de estudos.

Este curso retomamos a celebración da Semana da Música onde se incorpora tamén a XIV xornada de acollida, para o alumnado dos centros adscritos (CEIP Manuel Vidal Portela e o CEIP Xunqueira Nº 2) e o que solicitou praza de seu no período ordinario ao efecto. Este tipo de iniciativas son moi valoradas pola comunidade educativa e agardamos seguilas facendo en vindeiros cursos.

#### **f) Relación co Concello de Pontevedra**

O Instituto participa, como en anos anteriores, en programas organizados polo Concello. Destas colaboracións queda constancia na memoria de vicedirección, no punto 10.b.

Tamén mantemos contactos co Servizo Municipal de Deportes (en adiante SMD) así como coa Concellería de Medio Ambiente ou a Policía Local coa fin de obter melloras na contorna do centro. A relación co director do SMD é importante, pois compartimos o uso do pavillón multiusos “A Xunqueira”, tendo uso preferente en horario escolar.

Este curso solicitamos e recibimos unha colaboración económica para reforzar a nosa imaxe corporativa e a celebración da Semana da Música.

## g) Relación con outras institucións

Permanentemente o centro recibe información e propostas de museos, universidades, centros socioculturais, empresas de servizos de orientación, atención psicopedagóxica, actividades culturais, lúdicas, ONGDs... Cada proposta canalízase ao departamento correspondente e algunhas terminan incorporadas ás actividades complementarias e extraescolares.

Mencionamos a participación do noso alumnado en actividades organizadas fóra do centro, ás que acudiron baixo a organización de distintos departamentos e cuxa constancia queda nas memorias dos mesmos. Cremos que debemos estar presentes e participar nos diversos acontecementos que sirvan de proxección exterior do noso centro.

## 5. Resultados por niveis e grupos

Trala celebración da avaliación ordinaria, as porcentaxes de aprobados en tódalas materias son os seguintes, tendo unha información máis ampla no ANEXO II.

Av. Final ESO/ordinaria BTO	2021/22	2020/21	2019/20	2018/19	2017/18	2016/17	2015/16
1º da ESO	57%	49%	82%	48%	52%	63%	51%
2º da ESO	47%	51%	69%	49%	52%	47%	34%
3º da ESO	65%	52%	67%	59%	38%	54%	51%
4º da ESO	59%	59%	72%	38%	41%	61%	56%
1º de bacharelato	44%	57%	72%	55%	51%	55%	44%
2º de bacharelato	65%	54%	78%	80%	62%	67%	63%

Avaliación extraordinaria	2021/22	2020/21
1º da ESO		
2º da ESO		
3º da ESO		
4º da ESO		
1º de bacharelato	27%	
2º de bacharelato	3%	26%

## a) Matrículas de honra

(maio) No presente curso escolar foron concedidas 6 matrículas de honra en 2º de bacharelato das 6 dispoñibles (poderá concederse, como máximo, a un número de alumnado igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado, 114 → 5,75), sendo a nota de corte nun 9,70. Cabe destacar que foran 12 as persoas candidatas que cumprían o requisito de ter un 9 ou máis de media no citado curso.

(xuño) No presente curso escolar foron concedidas 5 matrículas de honra en 4º da ESO das 5 dispoñibles (poderá concederse, como máximo, a un número de alumnado igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado, 105 → 5,25), sendo a nota de corte nun 9,15. Cabe destacar que foran 10 as persoas candidatas que cumprían o requisito de ter un 9 ou máis de media no citado curso.

## b) Premios extraordinarios

### i. (maio) De bacharelato.

a) Trala celebración da avaliación ordinaria, son 14 a/os alumnas/os que cumpren os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 8,75.

### ii. (xuño) De educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico.

a) Trala celebración da avaliación ordinaria, son 10 a/os alumnas/os que cumpren os requisitos para acceder ás probas para a concesión dos devanditos premios, cunha media igual ou superior a 9.

### iii. (pendente de convocatoria) De educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal.

- Aínda non foron convocados polo que estamos á espera da convocatoria



para ver as persoas candidatas

### c) Probas de avaliación de bacharelato e acceso á universidade (ABAU)

Trala celebración da ABAU ordinaria de xuño, a porcentaxe de aptos é a seguinte.

ABAU - PAU	21/22	20/21	19/20	18/19	17/18	16/17	15/16	14/15	13/14	12/13
Av. ordinaria	93%	96%	76%	96%	96%	90%	91%	95%	91%	87%
Av. extraordinaria			50%	13%	0%	75%	73%	100%	73%	80%

## 6. Informe de vicedirección e equipo covid

O informe de vicedirección encóntrese no ANEXO III, dada a gran cantidade de imaxes que incorpora.

Como coordinadora do equipo covid, salienta que este curso o noso plan de adaptación á situación Covid-19 foi máis flexible aínda que seguimos mantendo os puntos máis significativos para evitar os contaxios:

- i. Uso da máscara en todo o momento e en todo o recinto ata o 20 de abril.
- ii. Ventilación continua das nosas instalacións.
- iii. Espazos diferenciados para o alumnado, durante os períodos de lecer, en función do seu nivel.
- iv. Prohibición de comer durante os períodos de lecer no interior do centro.
- v. Reforzamos o profesorado de garda durante as entradas, as saídas e os períodos de lecer.

A continuación móstrase unha relación dos expedientes covid que se rexistraron entre o noso alumnado e profesorado durante este curso escolar ata o mes de abril que deixou de funcionar a aplicación de Educovid.

Expediente	Grupo implicado	Data	Contactos xerados
17657 Alumnado	1º ESO C	23-08-2021	0 contactos comunicados
17969 Alumnado	4º ESO B	28-08-2021	0 contactos comunicados
18451 Alumnado	4º ESO B	08-09-2021	0 contactos comunicados
21199 Alumnado	1º ESO C	04-12-2021	0 contactos comunicados



Expediente	Grupo implicado	Data	Contactos xerados
22881 Alumnado	1º ESO C	13-12-2021	0 contactos comunicados
24540 Alumnado	1º ESO D	20-12-2021	0 contactos comunicados
25098 Alumnado	4º ESO A	22-12-2021	0 contactos comunicados
27467 Alumnado	1º ESO D	11-01-2022	0 contactos comunicados
28869 Alumnado	2º ESO D	13-01-2022	0 contactos comunicados
29105 Alumnado	2º BTO D	13-01-2022	0 contactos comunicados
30369 Alumnado	1º BTO B	14-01-2022	0 contactos comunicados
30751 Alumnado	3º ESO A	15-01-2022	0 contactos comunicados
31971 Alumnado	1º ESO C	16-01-2022	0 contactos comunicados
32158 Alumnado	2º ESO A	16-01-2022	0 contactos comunicados
33564 Alumnado	1º BTO B	17-01-2022	0 contactos comunicados
35935 Alumnado	3º ESO B	18-01-2022	0 contactos comunicados
36106 Alumnado	1º ESO C	18-01-2022	0 contactos comunicados
36333 Alumnado	1º BTO D	18-01-2022	0 contactos comunicados
37128 Alumnado	4º ESO A	19-01-2022	0 contactos comunicados
38053 Alumnado	3º ESO D	19-01-2022	0 contactos comunicados
38055 Alumnado	4º ESO D	19-01-2022	0 contactos comunicados
38381 Alumnado	1º BTO B	20-01-2022	0 contactos comunicados
39444 Profesorado		20-01-2022	0 contactos comunicados
39866 Alumnado	2º BTO C	20-01-2022	0 contactos comunicados
40535 Alumnado	1º BTO B	21-01-2022	0 contactos comunicados
40796 Alumnado	2º ESO C	21-01-2022	0 contactos comunicados
41706 Alumnado	4º ESO B	22-01-2022	0 contactos comunicados
43333 Alumnado	3º ESO A	23-01-2022	0 contactos comunicados
45905 Alumnado	3º ESO B	25-01-2022	0 contactos comunicados
46444 Alumnado	1º BTO B	25-01-2022	0 contactos comunicados
48674 Alumnado	1º BTO B	26-01-2022	0 contactos comunicados
50354 Alumnado	2º ESO C	27-01-2022	0 contactos comunicados
52093 Alumnado	2º BTO B	28-01-2022	0 contactos comunicados
53560 Alumnado	2º ESO B	30-01-2022	0 contactos comunicados
54489 Alumnado	1º ESO D	30-01-2022	0 contactos comunicados
55265 Alumnado	1º BTO A	31-01-2022	0 contactos comunicados
55306 Alumnado	3º ESO A	31-01-2022	0 contactos comunicados
56670 Alumnado	1º BTO B	01-02-2022	0 contactos comunicados
57216 Alumnado	1º ESO D	01-02-2022	0 contactos comunicados
57536 Alumnado	2º ESO B	01-02-2022	0 contactos comunicados

Expediente	Grupo implicado	Data	Contactos xerados
57845 Alumnado	1º BTO A	02-02-2022	0 contactos comunicados
60203 Alumnado	4º ESO A	04-02-2022	0 contactos comunicados
60416 Alumnado	2º ESO C	04-02-2022	0 contactos comunicados
60424 Alumnado	1º ESO C	04-02-2022	0 contactos comunicados
60595 Alumnado	1º BTO C	04-02-2022	0 contactos comunicados
61178 Alumnado	1º ESO C	04-02-2022	0 contactos comunicados
62697 Alumnado	2º BTO D	06-02-2022	0 contactos comunicados
62807 Alumnado	4º ESO B	07-02-2022	0 contactos comunicados
63191 Profesorado		07-02-2022	0 contactos comunicados
63998 Alumnado	1º BTO D	08-02-2022	0 contactos comunicados
64270 Alumnado	2º BTO D	08-02-2022	0 contactos comunicados
65179 Alumnado	4º ESO D	09-02-2022	0 contactos comunicados
65641 Alumnado	4º ESO A	09-02-2022	0 contactos comunicados
65679 Alumnado	2º BTO A	09-02-2022	0 contactos comunicados
67899 Alumnado	4º ESO B	12-02-2022	0 contactos comunicados
68280 Alumnado	4º ESO B	13-02-2022	0 contactos comunicados
68416 Alumnado	2º ESO B	14-02-2022	0 contactos comunicados
68658 Alumnado	4º ESO B	14-02-2022	0 contactos comunicados
68694 Alumnado	2º ESO D	14-02-2022	0 contactos comunicados
69170 Alumnado	1º BTO A	15-02-2022	0 contactos comunicados
69200 Alumnado	2º BTO C	15-02-2022	0 contactos comunicados
70504 Personal non docente		17-02-2022	0 contactos comunicados
71951 Profesorado		21-02-2022	0 contactos comunicados
72935 Alumnado	2º ESO C	24-02-2022	0 contactos comunicados
73656 Profesorado		27-02-2022	0 contactos comunicados
74396 Alumnado	2º BTO A	02-03-2022	0 contactos comunicados
74686 Alumnado	1º BTO A	03-03-2022	0 contactos comunicados
74689 Alumnado	3º ESO B	03-03-2022	0 contactos comunicados
75867 Alumnado	4º ESO D	05-03-2022	0 contactos comunicados
76004 Alumnado	1º BTO B	06-03-2022	0 contactos comunicados
76083 Alumnado	2º BTO D	06-03-2022	0 contactos comunicados
76472 Alumnado	2º BTO B	06-03-2022	0 contactos comunicados
79132 Alumnado	4º ESO D	14-03-2022	0 contactos comunicados
80526 Alumnado	1º BTO A	18-03-2022	0 contactos comunicados
81411 Profesorado		21-03-2022	0 contactos comunicados
82900 Alumnado	3º ESO D	27-03-2022	0 contactos comunicados

Expediente	Grupo implicado	Data	Contactos xerados
TOTAL: 76 positivos	44 ESO		TOTAL: 0 contactos comunicados
70 alumnado	26 BTO		
5 profesorado			
1 persoal non docente			

## 7. Informe de xefatura de estudos

Este informe elabórase segundo ás funcións da xefatura de estudos recollidas na normativa correspondente.

### a) Funcións específicas da xefatura de estudos

As funcións da xefatura de estudos son as recollidas na normativa correspondente e refírense a exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico, con especial concreción na función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos, nas funcións orientadoras, nas funcións de coordinación docente e nas funcións de convivencia e disciplinarias..

### b) Función planificadora temporal e de agrupamento de alumnos

O labor de planificación, tarefa fundamental, fíxose en estreita colaboración de todo o equipo directivo, o persoal administrativo e a labor de todo o profesorado con especial implicación das persoas titoras que, xa ao longo do curso anterior, van prevendo as diferentes necesidades organizativas. Tivéronse en conta:

- As aportacións do profesorado que manifestaba en xefatura as súas dificultades e os seus logros con certa parte do alumnado.
- A suxestións dos equipos docentes que manifestaron durante as reunións das avaliacións as súas percepcións do alumnado para a composición dos grupos de cara a un mellor aproveitamento académico.
- A inxente colaboración das persoas titoras que xa durante o curso compartían o seu coñecemento do alumnado, das características socioeconómicas e familiares que inflúen no rendemento escolar e recollían nos seus apuntamentos o progreso das súas respectivas titorías.

- Os informes do departamento de Orientación. Non soamente de alumnado propio e dos centros adscritos senón tamén doutros centros dos que nos chegaron solicitudes de admisión.
- O esforzo do persoal auxiliar administrativo e do equipo directivo que, tendo en conta as solicitudes de permanencia interna do propio alumnado, axustou a oferta educativa ás necesidades e peticións do alumnado e, segundo a dispoñibilidade e recursos humanos, mantivo a liña de calidade habitual con medidas de Atención á diversidade.
- A fusión das posibilidades organizativas anticipando, por unha parte, as previsións de profesorado e, por outra, o compromiso nos diversos Proxectos nos que o centro participa.

A incorporación de E-Dixgal a todos os niveis da ESO supuxo unha tarefa organizativa extraordinaria coa inestimable colaboración do PAS.

Coa COVID-19 inda latexando, ata que a finais de curso se relaxaron as normas sanitarias, comprobouse que o uso das novas tecnoloxías foi unha grande axuda para o desenvolvemento do proceso educativo. De todos xeitos seguiu saíndo á luz a fenda dixital do alumnado que vive en contornas familiares economicamente débiles así como tamén unha fenda dixital no propio profesorado cuxa formación, nas ferramentas dixitais online, varía dunhas persoas a outras tal que unha parte do profesorado aproveitou todas as funcionalidades das ferramentas telemáticas e outra parte do profesorado tivo que superar novos retos de cara a sacarlle o máximo partido.

Tendo en conta que se remataba en parte este curso a implantación da LOMCE, e que ía convivir coa LOMLOE no curso seguinte, a planificación tivo que fundir, no meses de maio e xuño, a normativa recibida desde instancias superiores provocando a desaparición da convocatoria extraordinaria para a ESO o que orixinou non poucas preocupacións no profesorado, no alumnado e nas familias.

Cabe sinalar que na función planificadora de grupos, nos cursos anteriores, se melloraba a composición deles tras a convocatoria extraordinaria polo que, perder esta na ESO, supón un handicap importante.

Finais de maio e xuño foron meses especialmente difíciles pois, ao relaxarse as medidas sanitarias pola COVID, bastante alumnado e profesorado estivo enfermo de xeito que foi preciso pedir profesorado substituto. Esa situación orixinou certa inestabilidade pois había que atender ao alumnado confinado e, ao mesmo tempo, incrementouse o traballo do profesorado de garda.

Como en cursos anteriores foi preciso establecer un novo horario de docencia para as clases presenciais de 2º de bacharelato de xeito que o profesorado que non estivera dando clases reforzase as sesións de gardas.

Por outra banda o novo calendario escolar, ao que a comunidade educativa se viu obrigada, orixinou non poucos problemas de desorde e de moita dificultade para recuperar ao alumnado que tiña materias suspensas.

As funcións planificadoras víronse afectadas por: Baixas e altas, cambios de aulas, atención ás medidas de atención á diversidade, exames PISA e aplicación de protocolos.

- Baixas: Unha en 1º ESO, unha en 2º ESO, tres en 4º ESO, seis en 1º Bacharelato e seis en 2º Bacharelato.
- Altas: Unha en 1º ESO, unha en 3º ESO e dúas en 1º de Bacharelato.

Neste curso 2021/22 en 1º ESO tivemos dous alumnos con adaptación curricular, seis alumnos de altas capacidades, 24 alumnos en 1º ESO e 24 alumnos en 2º ESO con exencións de segunda lingua.

Un curso máis, ao non dispoñer de ascensor, vímonos na necesidade de facer cambios de aulas para coidar do alumnado con mobilidade reducida. É constatable que o intercambio de aulas orixina inestabilidade, perdas de tempo e danos de material escolar. Houbo que reubicar aos grupos de 1º ESO no segundo andar e tamén, xa no terceiro trimestre, o 3º ESO D tivo que reubicarse no andar baixo.

O centro foi seleccionado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) entre os centros educativos en que cursan estudos alumnado nacido no ano 2006, para formar parte da mostra do estudo principal PISA 2022. Isto tamén orixinou uns días de incertidume na planificación grupal.

## c) Funcións orientadoras e de coordinación docente

### i. Co departamento de Orientación

As reunións da xefatura de estudos coa xefa do departamento de orientación realizáronse, xuntamente coa presenza do Sr. director, os martes de 13:20 h a 14:10 h. Ademais a xefatura de estudos reuniuse co departamento de orientación sempre que foi preciso para poñer en común as necesidades de certo alumnado e de familias que demandaban unha atención extra. Son moitas as horas dedicadas que non teñen un reflexo nos horarios.

Ademais a orientadora e a profesora de pedagogía terapéutica estiveron presentes nas reunión coas persoas titoras e profesorado de apoio para informar e acompañar nas función orientadoras de xefatura.

Nas xuntas de avaliación as profesoras do departamento de orientación proporcionaron información directa e axuda sobre aspectos xerais dalgún grupo, ou sobre cuestións particulares referentes a algún alumno con problemas de aprendizaxe ou de conducta e, en xeral, sobre as medidas da Atención á diversidade. Resumindo: A coordinación da xefatura de estudos co departamento de Orientación é intensa, frutífera e ampla para a acción pedagóxica, a orientación académica do alumnado e o apoio ao proceso de aprendizaxe especialmente co alumnado de NEE e coas diversas medidas de Atención á diversidade.

### ii. Coa Vicedirección

Obviamente, ao formar parte do equipo directivo, a xefatura de estudos mantivo unha estreita relación coa vicedirección. A vicedirectora, nas súas tarefas, prestou grande axuda a esta xefa de estudos que é persoa vulnerable e de risco ao virus da COVID. A xefatura colaborou e apoiou as labores de vicedirección cando foi requerida aínda que neste curso, por mor da pandemia, a realización de Actividades complementarias e extraescolares foi menor que noutros cursos anteriores

### iii. Cos departamentos didácticos

A xefatura estivo presente cos departamentos didácticos a través da comisión de



coordinación pedagóxica (CCP) que se reuniu nas seguintes datas:

- 19/10/2021, 16/11/2021, 25/01/2022, 22/02/2022, 05/04/2022, 03/05/2022 e 31/05/2022.

Ademais mantivo conversas con algúns xefes de departamento que precisaron o seu apoio en certos momentos para aclarar dúbidas, dialogar sobre a situación de parte do alumnado ou, incluso, realizar actividades na Aula virtual do centro

#### iv. Coas persoas titoras

A labor das persoas titoras foi extraordinaria para a boa marcha académica do centro empregando moitísimo tempo no seguimento do alumnado, con horarios extra, con detallada atención individualizada para acompañar, axudar e alentar a cada alumno e cuidando a relación do profesorado coas familias e co alumnado.

As reunións da xefatura coas persoas titoras e profesorado de apoio leváronse a cabo por niveis académicos diferenciados nas datas fixadas previamente ao principio do curso conforme ao seguinte horario:

#### Sesións de coordinación de persoas titoras

1º ESO: martes, das 10:30 ás 11:20 horas.

2º ESO: luns, das 11:20 ás 12:10 horas.

1º BTO: mércores, das 9:20 ás 10:10 horas.

3º ESO: xoves, das 11:20 ás 12:10 horas.

2º BTO: mércores, das 10:30 ás 11:20 horas.

4º ESO: mércores, das 11:20 ás 12:10 horas.

Durante o presente curso realizáronse, desde setembro a maio, sete reunións coas persoas titoras por niveis coa seguinte orde do día.

Datas	Orde do día (resumo)
<b>1º trimestre</b>	
<b>14 de setembro</b>	Presentacións e acollida; instrucións iniciais; revisión de aula; elección delegado, taquillas..
<b>Semana do 20 ao 24 de setembro</b>	Valoración presentacións; documentos de inicio de curso; transporte; reunións (virtuais) responsables de alumnado; ensino mixto e competencia dixital; formación abalar/edixgal; absentismo escolar; plans; datos de contacto; sub/delegados; indicacións avaliación inicial (competencias); convivencia; orientación; rogos e preguntas.
<b>Semana do 8 ao 12 de novembro</b>	Valoracións reunións (virtuais) responsables de alumnado e avaliacións iniciais; xestión de taquillas; formación TICs; sub/delegados; estado de aulas; absentismo escolar; indicacións 1ª avaliación e probas de pendentes; Nadal; convivencia; orientación; rogos e preguntas.

Datas	Orde do día (resumo)
<b>2º trimestre</b>	
<b>Semana do 24 ao 28 de xaneiro</b>	Valoracións 1ª avaliación e probas de pendentes; estado de aulas; formación TICs; proceso de admisión (centros adscritos, febreiro); Entroido; absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
<b>Semana do 21 ao 25 de febreiro</b>	Indicacións 2ª avaliación; revisión de aulas; absentismo escolar; proceso de admisión (solicitudes, marzo); títulos ESO; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
<b>3º trimestre</b>	
<b>Semana do 21 ao 25 de marzo</b>	Valoración 2ª avaliación; indicacións avaliación pendentes (e ordinaria 2º BTO); estado de aulas; Semana Santa; indicacións xuño; títulos BTO; proceso de admisión (permanencias, abril); absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.
<b>Semana do 2 ao 6 de maio</b>	Indicacións avaliación pendentes e extra/ordinaria (consellos orientadores); indicacións fin de curso; proceso de admisión (matrícula); revisión final de aulas; recollida portátiles EDIXGAL; absentismo escolar; convivencia; orientación; rogos e preguntas.

Nesas sesións, segundo a orde do día, fíxose a preparación, seguimento e comunicación de aspectos moi importantes para a boa marcha dos diferentes grupos do centro sobre todo cando as persoas titoras compartían as dificultades e poñían en común as posibles solucións.

Dentro da loita contra o absentismo, é de salientar a inmensa labor das titorías que con unha dedicación especial, máis alá dos seus horarios establecidos, fixeron un seguimento dos alumnos ausentes e, por vía telefónica ou con citas persoais, se reuniron coas familias sen esperar á comunicación mensual de faltas.

Unha ferramenta valiosa nese tema foi o funcionamento do abalarMóbil que comunica aos responsables do alumnado, no mesmo día, as ausencias que se produzan, ademais de ofrecerlle unha información permanente sobre os seus fillos/fillas.

## v. Co alumnado e coa xunta de persoas delegadas

A elección de delegados e subdelegados fíxose ao principio de curso en colaboración coas titorías. Ao longo do curso foi necesario facer algúns cambios quedando tal como se sinala na táboa seguinte:

Grupo	Delegadas/os	Subdelegadas/os
1º ESO A	Andrea Erika Banu	Lucía Doval Moure

Grupo	Delegadas/os	Subdelegadas/os
1º ESO B	Iria Cordeiro Méndez	Noa García Maquieira
1º ESO C	Mónica López Fernández	Jorge Hernanz Iglesias
1º ESO D	Paula Vaz Souto	Yeray González Covela
1º ESO ABCD	Lucas Comesaña Alves	Carlos Redondo Álvarez
2º ESO A PMAR	Uxía Moreno Carreras	Ainhoa Martínez Pérez
2º ESO A	Rodrigo Martínez Hincapié	Pablo Rodiño Fuentes
2º ESO B	Anxo Fernández Guimarey	Iván Paz Pérez
2º ESO C	Aroa Senra Lusquiños	Lucero Castro Montoya
2º ESO D	Blas Ventura Baquero	Irene Carolina Pazos Cerna
3º ESO A PMAR	Awa Mbengue Mbengue	Alfonso Álvaro García Carmuega
3º ESO A	Hugo Veiga Padín	Victoria Vázquez Sunday
3º ESO B	Manuel Corredoira Castiñeira	Richard Adryan Mendez Hernández
3º ESO C	Eva Fernández Trabada	Alexandru David Petre
3º ESO D	Paco Lamas Lareo	Jorge Grajales Pereira
4º ESO A	Yago Amoedo Martínez	Julia Pedras Fontán
4º ESO B	Inés Outeiriño Abelleira	Mauro García Sola
4º ESO C	Manuel Veiras Nogueira	José Abollado Bugallo
4º ESO D	Francisco de Borja Pazos Penhalver	Pablo Taboada Lois
1º BTO A	Lucía Rodríguez Barbosa	Brais García Alonso
1º BTO B	Carmen Rodríguez González	Javier Cons Fariña
1º BTO C	Xermán González Rivas	Juan Tilve Alonso
1º BTO D	Iria Sueiro Portela	Pablo Lubiáns Gallego
2º BTO A	Ángela Soto Lamas	Daniel Teixeira Pintos
2º BTO B	Pablo Couso Vences	Norberto Noya Prado
2º BTO C	Pablo Rodríguez Sánchez	Iago Martínez López
2º BTO D	Daniel Rivera Bonilla	Nerea Dios Cortegoso

Como recoñecemento á súa tarefa proporcionóuselles de balde unha taquilla.

Houbo reunións de xefatura coas persoas delegadas de grupo, ás que tamén asistiron os alumnos representantes no Consello escolar. Como polas circunstancias do alumnado, e da propia xefatura de estudos, non puideron facerse as convocatorias

tal como aparecían no calendario xeral inicial de reunións estas quedaron así:

9 de novembro: 1º e 3º ESO, 10 de novembro: 2º e 4º ESO, 11 de novembro.: 1º e 2º BTO

8 de febreiro: 3º e 4º ESO, 9 de febreiro: 1º ESO, 10 de febreiro: 1º e 2º BTO, 11 de febreiro: 2º ESO

En novembro houbo diversas reunións para elixir representantes por nivel de cara a constituír a Xunta de delegados de centro co seguinte resultado:

Representante de delegados de 1º ESO	Representante de delegados de 2º ESO	Representante de delegados de 3º ESO	Representante de delegados de 4º ESO	Representante de delegados de 1º BTO	Representante de delegados de 2º BTO
Rodrigo Nieto de 1º ESO B e suplente: Carlos Redondo de 1º ESO ABCD	Irene C. Pazos de 2º ESO D e suplente: Lucero Castro de 2º ESO C	Victoria Vázquez de 3º ESO A e suplente: Awa Mbengue de 3º PMAR	Manuel Veiras de 4º ESO C e suplente: Fran Pazos de 4º ESO D	Iria Sueiro de 1º BTO D e suplente: Javier Cons de 1º BTO B .	Daniel Teixeira de 2º BTO A e suplente: Daniel Rivera de 2º BTO D

E na votación realizada o 19 de novembro de 2021 para elección de persoas delegada e secretaria da Xunta de Delegadas/os resultaron elixidos:

Delegada: Iria Sueiro de 1º BTO D.

Secretario: Daniel Teixeira de 2º BTO A.

Tamén houbo outros encontros da xefatura cos delegados nos períodos de lecer ou noutras ocasións sen darlle a formalidade dunha xuntanza con orde do día pero foron moi importantes para a boa marcha do curso.

## vi. Coas persoas responsables

Tivemos a principio de curso ás 18:30 h as reunións de cada curso cos responsables legais do alumnado e cos titores en cadansúa aula para presentarlles o novo curso coas normas, consellos e orientacións necesarias: 27 de setembro 1º e 3º da ESO, 28 de setembro 2º e 4º da ESO e 29 de setembro 1º e 2 de bacharelato.

A xefatura de estudos estivo frecuentemente en contacto coas familias para tratar

temas relacionados cos estudos e/ou o comportamento do alumnado. Nalgúns casos a iniciativa partiu das propias familias e, noutros casos, partiu de xefatura para tentar resolver situacións que precisaban a implicación familiar. É imposible recoller detalladamente por escrito todos os contactos telefónicos e presenciais que acaeceron.

Foi necesario dedicar moita atención no caso de certos alumnos por as súas condutas disruptivas. Outras veces por solucionar episodios relacionados con absentismos intermitentes, perda de material escolar, devolución de móbiles ou outros obxectos, uso de tabaco, pequenos furtos e imprevistos varios.

Calquera familia ou alumnado puido poñerse en contacto coa persoa titora respectiva: *(A maiores publicáronse os seus correos corporativos na web: <http://titorias.iesaxunqueira2.com/>)*

Na táboa seguinte atópase a relación de persoas titoras., polo que calquera familia ou alumnado puido poñerse en contacto coa persoa titora respectiva:

Grupo	Persoa titora	Horario de atención
1º ESO A	López Sanmartín, Pablo	Martes, das 10:30 ás 11:20h
1º ESO B	González Picáns, Alba	Martes, das 10:30 ás 11:20h
1º ESO C	Gómez Calviño, Esmeralda Jerusa	Venres, das 10:30 ás 11:20h
1º ESO D	Maquieira Coello, Ricardo	Martes, das 10:30 ás 11:20h
2º ESO A PMAR	Caamaño Sendón, Ana Isabel	Luns, das 11:20 ás 12:10h
2º ESO A	Redondo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen	Luns, das 11:20 ás 12:10h
2º ESO B	Fernández Argibay, Beatriz	Luns, das 11:20 ás 12:10h
2º ESO C	Fernández Fernández, María Sara	Luns, das 11:20 ás 12:10h
2º ESO D	Hierro Villarino, Marta	Luns, das 11:20 ás 12:10h
3º ESO A PMAR	Puime Montero, Patricia María	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
3º ESO A	Giménez Solla, Manuel	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
3º ESO B	Raposo Barreira, Juan José	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
3º ESO C	Gómez Rodríguez, María	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
3º ESO D	Esteban Muñecas, Margarita	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
4º ESO A	Laxe Díaz, Sabela	Mércores, das 11:20 ás 12:10h

Grupo	Persoa titora	Horario de atención
4º ESO B	Iglesias Álvarez, Sonia María	Mércores, das 11:20 ás 12:10h
4º ESO C	Méndez Estévez, Adrián	Mércores, das 11:20 ás 12:10h
4º ESO D	Gómez Fernández, Antolín	Mércores, das 11:20 ás 12:10h
1º BTO A	González Dobarro, María del Carmen	Mércores, das 9:20 ás 10:10h
1º BTO B	Pérez González, Brais	Mércores, das 9:20 ás 10:10h
1º BTO C	Andión Hermida, Carlos	Mércores, das 9:20 ás 10:10h
1º BTO D	Fernández González, María de los Ángeles	Mércores, das 9:20 ás 10:10h
2º BTO A	García Otero, Rosa	Mércores, das 10:30 ás 11:20h
2º BTO B	Blanco Imes, Catarina Linn	Mércores, das 10:30 ás 11:20h
2º BTO C	Abilleira Fernández, M <sup>a</sup> del Ma	Xoves, das 11:20 ás 12:10h
2º BTO D	Álvarez Paredes, M <sup>a</sup> del Mar.	Mércores, das 10:30 ás 11:20h

### vii. Co profesorado

A xefatura de estudos leva consigo unha atención frecuente ao profesorado en diversos aspectos xa sexa no despacho ou noutros espazos do centro. Tamén nas aulas, na medida en que a presenza de xefatura foi solicitada, para axudar a unha mellor convivencia.

Aproveitouse para compartir información, realizar a análise de cada grupo, chegar a acordos de actuación conxunta, tomar decisións para intentar mellorar e optimizar o rendemento académico, tamén o clima de convivencia e facer un seguimento do proceso ensino e de aprendizaxe.

É de sinalar a importantísima labor do equipo de profesorado no programa TEI que coas súas intervencións, actividades e apoio facilitaron que as medidas sancionadoras sexan menores do que terían haber sido de non existir o programa TEI.

Ademais salientar a implicación do profesorado en todos os Programas do centro e no crecemento do afecto do alumnado pola Biblioteca.

### viii. Con outras institucións

Con Servizos Sociais para facer seguimento do alumnado e realización dos informes demandados.

Cos servizos médicos cando viñeron ao centro a recoller algún alumno precisado de atención.

Co Xulgado de menores de Vigo e Pontevedra por solicitude de informes.

Co Concello de Pontevedra para a realización de actividades propostas.

Coas persoas educadoras do Príncipe Felipe por a presenza nas nosas aulas de alumnos que viven nese centro.

Co Servizo de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica informando de alumnado.

Coa Policía local e nacional por diversos motivos.

#### d) Funcións convivenciais e disciplinarias

O primeiro trimestre estivo fortemente marcado para toda a comunidade educativa pola atención prestada a unha alumna de 2º ESO para a que houbo que pedir asistencia médica e policial en máis dunha ocasión tendo activado o protocolo de prevención e detección de risco suicida. Supuxo unha sobrecarga na convivencia pola constante preocupación e atención que precisaba. A súa situación no segundo trimestre foi máis leve pero no primeiro trimestre houbo unha grande desgaste de recursos emocionais e de persoal humano para poder atendela. Ao longo do curso aplicáronse a **tres casos o protocolo de prevención e detección de risco suicida**. O desa alumna foi o máis rechamante e o que causou máis intranquilidade na comunidade educativa.

Como é habitual cada curso tamén neste se produciron modificacións en canto ao número de alumnos matriculados como consecuencia das seguintes **baixas e altas**.

- Baixas: Unha en 1º ESO, unha en 2º ESO, tres en 4º ESO, seis en 1º Bacharelato e seis en 2º Bacharelato.
- Altas: Unha en 1º ESO, unha en 3º ESO e dúas en 1º de Bacharelato.

Neste curso 2021/22 en 1º ESO tivemos dous alumnos con **adaptación curricular**, seis alumnos de **altas capacidades**, 24 alumnos en 1º ESO e 24 alumnos en 2º ESO con **exención de segunda lingua**.



Foi necesario pedir a intervención da Unidade de Acompañamento e Orientación personal e familiar (**UACO**) que actuou a través de Marcos PC para o alumno Rubén JC uaco.cifp.xunqueira@edu.xunta.gal

En canto a **absentismo**: Iniciáronse trece protocolos de absentismo e dous chegaron a rematarse. Ademais outros dous deles en 4º ESO acabaron desembocando en baixa polas características do alumnado afectado. Neste aspecto hai que mencionar o absentismo intermitente dalgún alumnado de 2º PMAR polo perfil socioeconómico das súas familias de procedencia.

Ese grupo de 2º PMAR foi realmente moi difícil de levar. Cada alumno precisaba unha axuda pedagóxica e médica concretas e, a pesares de ser un grupo pequeno en número, había moita conflitividade e dificultades no proceso de aprendizaxe.

Este curso tivemos unha alumna en **alerta escolar** pero non houbo necesidade de facer Atención domiciliaria a ningún alumno.

O 24 de febreiro de 2022 disfrutamos, tras a pandemia, da Xornada virtual de **portas abertas**.

Vímonos na necesidade de facer **cambios de aulas** para coidar do alumnado con mobilidade reducida ao non dispoñer de ascensor. É constatable que o intercambio de aulas orixina inestabilidade, perdas de tempo e danos de material escolar. Houbo que reubicar aos grupos de 1º ESO no segundo andar e tamén, xa no terceiro trimestre, o 3º ESO D tivo que reubicarse no andar baixo.

Houbo dúas **folgas** do alumnado os días 28/10/2021 e 30/11/2021 sen incidencias.

O centro foi seleccionado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) entre os centros educativos en que cursan estudos alumnado nacido no ano 2006, para formar parte da mostra do estudo principal **PISA 2022**.

En canto ás medidas disciplinarias compre dicir que no primeiro trimestre non foron moitas as faltas de orde por escrito nin as derivacións a domicilio porque, como é habitual, acostuma a ser un trimestre no que tanto o profesorado como o alumnado inda se están a coñecer e dándose un mutuo voto de confianza.

No segundo trimestre xurdiron máis problemas sobre todo no nivel de 2º ESO. É significativo que, dos **catro procedementos correctores** incoados tres deles foron para alumnado de 2º ESO.

Quero facer notar que o compromiso do profesorado coa súa paciencia e pedagogía non soamente nas aulas senón tamén nos corredores e en tempos non lectivos, a cooperación do propio alumnado, as intervencións do programa TEI, a labor dos Proxectos que se veñen realizando no centro, a mediación dos titores e do departamento de Orientación, dos compañeiros do TEI, PITEAS, Biblioteca, dos que levan o PROA, dos que traballan nos contratos Programa e doutros que xa non nomeo teñen sido fundamentais para unha boa convivencia no centro. Ata o punto de que, se se comparan as cifras das faltas de orde que aparecen no XADE coas que entraron en xefatura, non hai concordancia porque bastantes veces a sanción do profesorado era para previr, corrixir, mediar, de xeito que o alumnado reorientara o comportamento.

En canto a **acoso** houbo disputas entre familias fóra do centro (con alumnado noso e externo) pero dentro do recinto escolar non derivou en acoso pois foise solucionando con diálogo e mediación.

Nas táboas seguintes pode observarse a situación por niveis e trimestres:

	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
1º ESO	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións
<b>A</b>	13	1	9	2	14	3
<b>B</b>	5	1	3	1	7	1
<b>C</b>	1	0	0	0	0	0
<b>D</b>	6	1	13	1	13	2
<b>Totais →</b>	25	3	25	4	34	6

Pode observarse que en 1º ESO a conflitividade aumentou no terceiro trimestre, agás no 1º C. Cabe dicir que se repetían as chamadas de atención a certo alumnado cuxo perfil socioeconómico e familiar é determinante á hora de poder corrixir o seu proceso formativo.

2º ESO	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre		Procedemento corrector
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	
<b>PMAR</b>	7	1	15	2	20	4	0
<b>A</b>	1	0	1	0	12	3	2
<b>B</b>	18	5	24	5	12	2	1
<b>C</b>	3	1	7	1	12	1	0
<b>D</b>	9	2	2	0	8	0	0
<b>Totais →</b>	<b>38</b>	<b>9</b>	<b>49</b>	<b>8</b>	<b>64</b>	<b>10</b>	<b>3</b>

En 2º ESO pódese observar que foi o nivel onde máis conflitividade houbo. Concretamente foi un alumno o que causou máis problemas ata que, tras varias derivacións a domicilio por tres días, se lle fixo un Procedemento corrector.

Tamén en 2º ESO é onde houbo outros dous Procedementos xa rozando o final de curso.

E xa comentei que o grupo de 2º PMAR foi un grupo que orixinou moito desgaste emocional e de recursos xunto co caso de protocolo de prevención e detección de risco suicida.

3º ESO	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións
<b>PMAR</b>	2	1	0	0	1	0
<b>A</b>	0	0	0	0	0	0
<b>B</b>	0	0	0	0	1	0
<b>C</b>	2	0	2	0	1	0
<b>D</b>	2	0	1	0	2	0
<b>Totais →</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>5</b>	<b>0</b>

En 3º ESO ¡Compre felicitalos! Participaron ao 100% no programa TEI e o seu propio comportamento pode verse que foi dos mellores da ESO.

En 4º ESO e bacharelato a maioría das faltas de orde foron por saír do recinto escolar sen permiso sinalando que no 1º de bacharelato C houbo unha derivación por falta grave de respecto ao profesorado.



4º ESO	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións
A	3	0	2	0	1	0
B	3	0	4	0	4	0
C	2	0	2	0	0	0
D	2	0	1	0	3	0
<b>Totais →</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>0</b>	<b>8</b>	<b>0</b>

1º bacharelato	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións
A	8	0	1	0	1	0
B	2	0	1	0	6	0
C	5	0	5	0	11	2
D	3	0	10	2	0	0
<b>Totais →</b>	<b>18</b>	<b>0</b>	<b>17</b>	<b>2</b>	<b>18</b>	<b>2</b>

2º bacharelato	1º trimestre		2º trimestre		3º trimestre	
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións
A	1	0	0	0	0	0
B	3	0	0	0	0	0
C	1	0	1	0	0	0
D	3	0	5	1	0	0
<b>Totais →</b>	<b>8</b>	<b>0</b>	<b>6</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Se non hai erro nos cálculos vese na seguinte táboa o resultado final total do IES en cifras. Insisto en que non coinciden coas reflectidas no XADE

	1º Trimestre		2º Trimestre		3º Trimestre		Procedemento corrector
	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	Faltas	Derivacións	
<b>Totais →</b>	<b>105</b>	<b>13</b>	<b>104</b>	<b>15</b>	<b>129</b>	<b>19</b>	<b>4</b>

Un dato significativo a resaltar é que, os danos nas instalacións e os furtos, a pesares de estar todas as aulas abertas a todas horas, non foron tan importantes como teñen sido nos cursos anteriores á pandemia. Tamén no terceiro trimestre cando xa as normas permitiron vir sen máscara e se relaxaron as normas sanitarias sucedeu que aumentaron os conflitos

## e) Conclusións

Todo o anterior é unha relación breve do curso 2021/2022 en xefatura. No ordenador do despacho están recollidas as incidencias que se producen aínda que é imposible detallar todo o sucedido por escrito. Desde logo non están contabilizadas por escrito todas as situacións con alumnado, familias e profesorado pois requiriría recoller ao momento todo o que se vive no cotián.

Reitero o meu agradecemento a todos pola colaboración.

## 8. Informe de secretaría

### a) Aspectos económicos xerais

Os membros da comisión económica do consello escolar para o bienio 2020/22 encóntranse relacionados no apartado 2.a, onde tamén veñen relacionadas as reunións que tiveron.

Tamén se pode consultar no apartado 2.a cando foron informadas as contas do exercicio anterior e cando foi presentado o anteproxecto de orzamento das contas presente exercicio.

### b) Instalacións e equipamento

Ao longo do presente curso escolar chegaron as seguintes dotacións:

- 60 pupitres e cadeiras por mor do incremento de matrícula e reposición.

### c) Obras de acondicionamento e mellora.

- Posta a punto ordinaria do centro (pintado e arranxos varios nas aulas).
- Poda bianual de tódalas árbores de gran tamaño do centro (anos impares)
- Dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, procedeuse coa:
  - Eliminación das gradas e dos armarios de obra de tódalas aulas máis pintado das mesmas, instalación de cantoneiras en columnas e renovación de mobiliario.
  - Eliminación de mesados e reacondicionado dos laboratorios de bioloxía e xeoloxía, de xeito similar ao de química. O de física queda de xeito similar ao espazo Maker.

- Recuperación das aulas de debuxo técnico, música, obradoiro de tecnoloxía e biblioteca.
- Adecuación do obradoiro de tecnoloxía de xeito similar ao espazo Maker.
- Nova aula aberta entre debuxo artístico e o departamento de galego coa fin de proveer un espazo para traballos máis sucios ou ruidosos e non molestar ao resto. Tamén será a nova saída de emerxencias da zona de departamento, facendo as oportunas modificacións no plan de autoprotección.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas a través de novas ramplas de acceso na saída as pistas exteriores e porta de emerxencia da zona de departamentos.
- (en proceso) Novo sistema de calefacción alimentado pola central térmica de biomasa instalada no CIFP A Xunqueira. Aproveitándose para facer un sumidoiro no patio de cafetería (por mor das inundacións), a automatización da cancela de acceso do pavillón, un almacén no espazo do actual depósito de gasóleo e a ampliación da cociña da cafetería.
- Mellora do acceso ao pavillón de deportes ampliando o beirarúas actual e a escaleira.
- Limpeza e repintado da fachada principal e laterais do centro (1º fase).
- Instalación de estores no resto de aulas de 4º da ESO.

#### d) Ferramentas administrativas

- Novo programa de contabilidade: neste ano instalouse un novo programa de contabilidade que permitirá unha mellor xestión e presentación dos resultados económicos.
- Novo programa de orlas: de cara ao vindeiro curso o centro contará cun novo programa de orlas do alumnado máis moderno e eficaz, que permitirá a obtención dos carnés para o alumnado cos datos asociados de transporte escolar con maior celeridade.

## 9. Informe ao claustro e ao Consello escolar

A presente memoria é informada ao consello escolar do 30 de xuño e claustro do 1 de xullo.

## 10. Anexos

### a) Oferta educativa para o vindeiro curso escolar

### b) Estatísticas

### c) Memoria de Vicedirección

### d) Memoria do departamentos de Orientación

- Por mor da Ley de Protección de Datos, esta memoria só poderá ser consultada de xeito presencial, logo da solicitude motivada por rexistro na secretaría.

### e) Memorias dos departamentos didácticos

- Memoria do dep. de Bioloxía e xeoloxía
- Memoria do dep. de Debuxo
- Memoria do dep. de Economía
- Memoria do dep. de Filosofía
- Memoria do dep. de Física e química
- Memoria do dep. de Francés
- Memoria do dep. de Grego e Latín
- Memoria do dep. de Inglés
- Memoria do dep. de Lingua castelá e literatura
- Memoria do dep. de Lingua galega e literatura
- Memoria do dep. de Matemáticas
- Memoria do dep. de Música
- Memoria do dep. de Relixión
- Memoria do dep. de Tecnoloxía
- Memoria do dep. de Xeografía e historia



## f) Memorias de proxectos de innovación educativa

- i. Memoria do club de ciencia
- ii. Memoria do club de lectura
- iii. Memoria do club de letras
- iv. Memoria dos Contratos-programa
  - a) Programa ARCO e PROA+
  - b) Programa TEI - Tutoría entre iguais
- v. Memoria do CUALE - Formación complementaria en linguas estranxeira
- vi. Memoria do Equipo de dinamización en lingua galega
- vii. Memoria do Espazo Maker
- viii. Memoria do plan Proxecta
- ix. Memoria do plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE)
- x. Memoria do STEMBach